# GAÑADORES DO CONCURSO "*Eu son noticia*"

## 1º PREMIO

La Voz de Galicia. Lunes, 21 de julio de 2012

### Palabras de corazón

FOTO: Tomada a Brais Vivero Muñoz antes do seu debut na revista

Eran as 20 horas da víspera de Santa María Magdalena, unha festa que se celebra na Rioxa, no pobo dos meus bisavós. Encontrábame na súa casa cando Vicente, meu bisavó, díxome aquelas palabras tan conmovedoras que todavía recordo: -"nunca mientas, nunca robes, nunca mates, siempre ayuda, siempre defiende, y sobre todo, siempre habla con el corazón".

Ás 20:30 h, saía co meu primo Daniel a comprar churros para cear toda a familia xunta. Cando soamente quedaban uns 500 m para chegar ata aquela churrería, uns reporteiros acudiron a nós sen ter razón alguna.

-"hola, somos de Logroño, venimos a hacer una revista estas fiestas en honor a Santa María Magdalena. Nos podrías ayudar?"
-Mmm...vale.-Contestamos os dous á vez.
-"Cómo os llamais?"
-"Yo soy Brais y este es Daniel.
-"Vale, muchas gracias. Os contamos: nosotros os haremos tres preguntas, guardaremos los datos que habéis dicho y después los pondremos en la revista "jóvenes respuestas."¿Os parece?
- Vale, venga. -Dixen sobresaltado pola emoción.

- 1ª pregunta, Brais: ¿De qué tratan estas fiestas?
No sabía que responder polos nervios, pero reaccionei rapidamente e contestei o máis apropiado.
-Vale, muy bien Brais. Te toca Daniel. Exclamou unha das reporteiras mentres remataba de anotar na súa libreta todo o que dixera.

- 2ª pregunta: ¿Por qué eliges estas fiestas?
-Para mi son muy importantes porque...-Dixo o meu curmán sen nervios algúns.
-Muy bien Daniel, parece que ya habías hecho esto antes. -Introduciu Carla, unha das reporteiras.

- 3ª pregunta:"Preparate Brais. ¿Qué te hace pensar que estas fiestas pudieran ser las mejores de España entera?"

Se vos digo a verdade non me acordo do que contestei a aquela pregunta. Só sei que o que dixo esas palabras que eu soltaba pola boca, era o meu corazón. Porque o que pensaba aquelas palabras era el. E como se en vez de bombear sangue, bombeara palabras e letras que ó chegar á boca, collían sonido. Pois estas palabras tiñeron fama, foron as destadadas da revista, a xente que as leía por dentro se conmovía, e o máis importante:
Non mentían, non roubaban, non mataban, pero si que axudaban, si defendían e sobre todo, foron faladas dende o corazón.

Brais Viveiro Muñoz (1º ESO A)

# BOLETÍN INFORMATIVO Nº 5

Febreiro - 2014

*ENTROIDO*


**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA**

**LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA**

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# GAÑADORES DO CONCURSO "*Eu son noticia*"

## MELLOR COMPOSICIÓN

**UNHA DAS VÍTIMAS DO NAUFRAXIO DO COSTA CONCORDIA ERA UN RAPAZ CHANTADINO.**

Onte, ás 21.55 h reveláronse TODAS as vítimas do naufragio do Costa Concordia. Entre os numerosos falecidos, atópase un neno chantadino de once anos chamado Andrés. O rapaz cursaba 6º de primaria no colexio Eloísa Rivadulla. Segundo a declaración da familia, xa lles advertiran ao rapaz e ao pai, que o acompañou no cruceiro, que non fixeran esa viaxe debido á pouca seguridade destas embarcacións. Os viaxeiros insistiron en (viaxar) nel e o 13 de xaneiro, día do fatídico accidente. Os familiares coñeceron que Andrés morrera esmagado polo barco. Os equipos de saúde cegaron tarde para salvar a vida de moitos viaxeiros. O pai, un dos superviventes, tivo que ingresar na UCI a causa de varias feridas e polo grave trauma psicolóxico que presentou. A nai expresa que a actuación do capitán do barco "foi unha vergonza" e que "non sei como realizou tal imprudencia cono a de navegar máis cerca da beiramar do permitido". Tamén sinalou o seu interese por formar parte da acusación particular contra o capitán. "Non quero cartos, o que quero é que se faga xustiza", dixo a nai referíndose ao xuízo que se celebrará en Italia. A familia está sendo apoiada polos veciños que tamén están consternados polo tráxico suceso. Mª Carmen, unha das veciñas da aldea onde residía o falecido, comenta que era moi amable e simpático e que non dubidara en axudar se era necesario.

A Embaixada de Italia en España expresoulle o máis sentido pesar á familia e entregoulles unha medalla ao sufrimento. O enterro realizarase hoxe ás 16.30 h. na parroquia de San Salvador de Asma.

Andrés Vázquez García (1º ESO A)

## MELLOR PRESENTACIÓN

O outro día cando estaba xogando na casa da miña avoa atopei un fragmento antigo dun xornal. Decidín levalo ao anticuario xa que a data non se distinguía e tiña curiosidade por saber de que ano era.

O dependente do anticuario tras moito observalo, chegou á conclusión de que ese anaco de xornal era do 1902 e, que podía ter moito valor, porque non hai xornais dese ano, cousa que é un misterio.

Ao día seguinte, saín no xornal e, debaixo da miña foto poñía: "A rapaza Vera Abad atopou un fragmento dun antigo xornal que podería ter un valor incalculable".

Ese anaco de xornal no que aparecía eu gardeino para que dentro de moitos anos, outra rapaza o atope.

Vera Abad Álvarez (1º ESO B)

## ORIXINALIDADE

O Continental
Edición: Valera V.

**Grandes promesas**

Campionato europeo de patinaxe artístico sobre xeo.

O 29 de xaneiro celebrouse en Francia, o Campionato europeo de Patinaxe artístico sobre xeo ao que acudiu xente de todas as partes de Europa como: Francia, España, Rusia, Alemaña, Italia, etc.

Primeiro foron os adestramentos, nos que non houbo ningún percance grande só pequenas caídas e tamén unha nena que rompeu a cuchilla do patín, pero despois puido actuar sen problema, xa que unha integrante da súa selección levaba uns patíns de reposto.

Chegou o turno dos equipos en conxunto. Ían todos con vestimentas moi elegantes, maquillaxes chamativos e patíns dunha boa calidade. O que máis posibilidades tiña de gañala era a selección anfitrioa xa que contaban co ánimo do público.

A intervención máis sorprendente foi a de Rusia que bailaron ao ritmo dunha canción de Junes Brons, así pasadas todas as actuacións chegou a valoración. Os xuíces valoraron o show e a técnica. No momento da actuación de España, ía encabezando a clasificación Rusia, pero as españolas estaban moi intrigadas, porque querían saber no posto que quedaran. Foi o segundo equipo na clasificación. Finalmente cegaron os individuais, nos que só se puntuaba o percorrido. Había moita competencia, de 100 participantes aprobaron 80, 7 de España.

Dicíase que había preferencia hacia as participantes locais pero falamos ca xuíza para informarnos. Estas foron as súas declaracións: "Eu creo que non houbo favoritismos o que pasou pasou e o que non terá que intentalo para a seguinte. Tamén falamos ca entrenadora, Ana Varela, dun pobo de Malaga: "díxonos que estaba moi orgullosa do seu equipo porque nunca pensou que iban chegar ata onde chegaron, e que era unha gran fachenda xa que só patinaban dous días á semana. Deu a noraboa tamén a todos os equipos pola gran destreza despregada. Por último déronse uns agasallos a todos os participantes.

Dende este periódico queremos dar as grazas a toda a xente que participou, e animar a todo o mundo a que se apunte a este deporte porque é saudable e divertido.

Ana Varela Rodríguez (1º ESO A)